

Mércores 14 de marzo ás 21.45 h

Reloxo de area (*Hour Glass*, Haile Gerima, 1971, 13', VOSG)

Os exiliados (*The Exiles*, Kent MacKenzie, 1961, 72', VOSG)

DESCRIPCIÓN E ANÁLISE DA PRODUCCIÓN DE 'OS EXILIADOS'

Por Kent Mackenzie

APÉNDICE A

Onde se analiza o valor que a actual estrutura do guión podería ter en relación coa "cuestión india" que o motivou.

O certo é que o proxecto orixinal naceu dun artigo do *Harpers Magazine* que lin en marzo de 1956, e que me fixo anoxar fondamente polo, ao que semella, repulsivo tratamento que os indios están a recibir por parte do goberno. Así de sinxelo.

Califícase de situación *problemática* o que en esencia é un grupo de xente de clase baixa cuns estándares de saúde, económicos e educativos moi afastados dos promedios nacionais; de 70 a 200 anos baixo a nosa tutela anuláron na meirande parte deles o convencemento de que poden acadar o que se considera un "lugar" na nosa sociedade.

As actuais liortas nos tribunais, xornais e asembleas lexislativas xiran, basicamente, arredor dos seguintes puntos:

- 1) As reivindicacións das terras, que fan pensar en tempos anteriores ás reservas, e outras cuestións máis recentes sobre os dereitos de terras e augas.
- 2) A revogación do control federal sobre as reservas.
- 3) A validez do programa de Relocalización comparado co subdesenvolvemento que o goberno foi quen de acadar nas reservas.
- 4) Abranguendo todos os puntos, dun ou doutro xeito: a cuestión da integración, tal e como a formulan o goberno e os cidadáns máis patriotas, contra o dereito, na nosa sociedade, de calquera individuo ou grupo étnico a procurar un camiño de seu que lle permita manter todas as súas tradicións, sempre e cando non entren en conflito coas leis básicas de propiedade sobre a terra (e ás veces pregúntome se non debéramos permitir algunhas –fórmulas de herdanza, etc.– que batan directamente contra a nosa lexislación, pero sen as colocar na posición de prexudicar alguén na nosa cultura)

Todas estas son cuestións moi complexas, e afondar en calquera delas dá a ver que hai moitos grupos aliñados en moi diversas posicións de cada un destes problemas –e cada grupo ten unha gran cantidade de razóns da súa banda: o goberno, as comunidades indíxenas, os comités liberais, os irados escritores dos xornais, as igrexas, os consellos tribais, os deputados, os tribunais, os gobernos estatais e federais, os poderes financeiros, os antropólogos.

Só hai unha cousa que fica cada vez máis nidia se te achegas á xente que agora mesmo é o centro de todas as disputas: isto é, nada do que se está a imprimir, votar, dicir ou filmar ten absolutamente nada a ver con esta xente, no seu sentido máis fondo. Nin todo o traballo de La Farge¹ (hoxe), nin as declaracións do goberno, nin os prudentes estudos dos antropólogos, nin os apaixonados artigos dos xornais, nin as demandas dos *indios profesionais* ou dos voceiros do Consello Tribal. O traballo meirande é sortear esta xente para chegarmos ás persoas que procuran subsistir no día a día, que non teñen a educación abonda como para saber que son un problema, e que non quixeran ser un problema, ou para establecer alianzas entre eles para rescatar o seu pobo do declive –só queren vivir, beber, ter fillos. Ninguén sabe deles porque non falan inglés, non escriben nos xornais, son difíciles de coñecer, en certo sentido desconfiados, e leva tanto comprendelos que ningún especialista da información pública ten o tempo ou a conciencia para traballar con eles. Os que máis devecen por axudar son as persoas máis afastadas deles

¹ Refírese a Oliver La Farge (1901-1963), escritor e antropólogo estadounidense. La Farge adicou boa parte da súa vida á defensa dos dereitos dos indíxenas americanos, e foi presidente da Association on American Indian Affairs entre 1930 e 1955, organización dende a que emprendeu numerosas campañas de denuncia pola situación de exclusión dos indoamericanos [Nota do tradutor].

e contaranche todas as vellas tópicas, todas as maravillosas razóns que queiras escoitar sobre ese pobo franco e honesto que foi tantas veces enganado, as razóns máis conmovedoras, adoito expresadas coa abraiante oratoria desa xente que ten unha importante formación retórica. Pero se percorres varias das tribos has comprobar axiña a compracencia destes oradores, que non están alí para escoitar ou resolver nada senón para dar coa cabeza no muro das lamentacións, e se falas con algún que chegara o suficientemente lonxe no común das tribos, até o punto de ser voceiro ou escritor, verás que decote sinten un gran desprezo pola xente da súa propia tribo que non deu saído dos mocasíns, como el fixo. E, á súa vez, a xente de a pé manifesta unha fonda desconfianza cara a el –crerán que é un aliado do goberno e que se está a beneficiar a costa da tribo. Un gran número das loitas abertas pola “cuestión india” son entre os propios indios –entre diferentes tribos, pero na súa meirande parte entre individuos ou bandas das diversas reservas– e a miúdo entre intereses económicos de, por exemplo, gandeiros e granxeiros, máis propios do noso pobo.

Nós chegamos á conclusión, hai máis ou menos un ano, de que era imposible amosar todos os problemas de todos os indios, ou mesmo dar conta dos seus problemas de relocalización, nun único filme. A cuestión, ao que parece, é o grao de especialización que podes acadar e xustificar tendo en conta o estado de cousas e sen ánimo de estragalo aínda máis. O ideal, coa audiencia e persoal axeitados, sería facer unha obra sobre tres ou catro persoas e ser quen de expoñer todo o relevante dese pobo.

O problema é que o público americano non ten nin a máis remota idea do que os indios están a facer hoxe en día. Pensan que andan descontrolados polas reservas, que se non fora polo goberno federal aínda lle habían arrincar o coiro cabeludo á xente, que todos eles son borrachos, preguiceiros e irresponsables, que viven das pensións, que non son cidadáns nin poden votar, que non teñen permitido beber e que, coma os seus devanceiros, viven en tipis e cazan búfalos nas grandes chairas tocados cos seus penachos. Hollywood, Hollywood, Hollywood. Como vai estar preparada esta xente para aceptar un filme que desbota todo ese monte de información básica que eu propio inxerín nestes dous últimos anos, e que non penso incluír no guión?

En realidade, o que agora creo é que se tivera o talento para escribir e dirixir, restrinxiría aínda máis o filme. Sinto que calquera intento de facelo máis ou menos representativo está abocado ao fracaso. Coido que o filme debe ser un filme honestamente especializado. Se cadra o gran perigo é que estamos a presentar un grupo de indios que son minoría, porque eles escolleron vir para a cidade, e desafortunadamente non son eses americanos idealizados do “amencer sobre o Canón do Colorado”, senón aqueloutros que se deixarán enredar en calquera cousa que un produtor sensacionalista queira metelos. A nosa tarefa, daquela, é traballar a carón destes rapaces até que deamos amosado todo o que os move. O que engade un punto comercial é que, coma nun filme de rapaces dos suburbios e coches deportivos, isto non é máis ca outro filme *rebop*², pero baixo a forma dun documental

2 *Rebop* ou *bebop*, onomatopeia intraducible que deu nome a un estilo de jazz popularizado por Dizzy Gillespie, Charlie Parker e outros. Neste contexto parece adxectivar un xénero cinematográfico, moi común nas décadas dos 50 e dos 60, que xiraba arredor das historias desenfreadas dunha mocidade desclasada das cidades. [N. do T.]

sobre “indios”, o que lle ha dar ese aquel de actualidade preciso para vendelo. Coido que imos ter que seguir co filme antes de que esteamos realmente preparados para mostrar a esencia da cidade do xeito que sería necesario para manter o interese durante algo máis dunha hora –estamos preparados? Iso é cousa miña, se conseguimos os cartos podo demoralalo, pero existe o risco de perdermos o que levamos feito, e non creo que nos próximos anos vaia aprender o suficiente como para metelo no filme. Preciso facer un filme agora, preciso quitalo da cabeza, e penso que estou o suficientemente cerca como para facer un bo traballo. O que temos que evitar, principalmente, é presentarmos diversos tipos de xente só polo feito de acadar certa diversidade –como fixemos, erroneamente, en *Bunker Hill*, e como agora me sinto tentado– cedendo ás críticas antes de que nos sinalen. Coido que cada episodio e escena deste filme debe salientar a confusión que eu percibo en toda esta xente, e mesmo se un rapaz fai algunha cousa boa, segundo os nosos propios valores económicos e sociais, debe quedar claro que non todo é tan prometedor, como se cadra pensas, no seu interior.

Os problemas xurídicos, programas do goberno, etc. pódense obviar; en primeiro lugar, se cadra, é preferible un filme construído coa materia prima do real ca un que revele, por exemplo, as desavizas entre os indios e o goberno, que obrigue as axencias do goberno a facer explícita esa separación.

Daquela, a estrutura nocturna que estou a propoñer precisa dunha coidadosa revisión –pero o certo é que está baseada nas miñas máis achegadas e fondas experiencias con esas persoas. Pouco máis sei, realmente. Esta é toda a proposta: non facer un filme estruturado en forma de tese, senón un que priorice a experiencia visual e sonora, velaí o quid da cuestión. Hei empregar tan só o que eu propio experimentei; dalgún xeito, estamos limitados por esta escolla, pero non vexo outra posible. Se isto supón a creba, mellor facelo percorrendo os vieiros nos que realmente cremos, e procurando probar, a nós mesmos e ao resto, que estabamos no certo.

* MACKENZIE, KENT ROBERT: “Appendix A – Information Sheet #1” (24/11/57), en *A description and examination of the production of The Exiles: a film of the actual lives of a group of young American Indians* (xuño de 1964).

[Tradución e notas de Pablo Cayuela]

■ PROXECCIÓNS

Entrada de balde | Bono-axuda: 1 euro

Mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21)

cineclubedecompostela@gmail.com

<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org>

■ ASOCIACIÓN

O Cineclub de Compostela

tenta ser unha asociación autoxestionada.

Cota mensual traballadores/as: 5 e. // Estudantes

e parados/as: 3 e. // Socios/as protectores/as: 75 e./ano